

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL POR MOBILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.

Expediente TEDeC: 2020/X999/000394

O día 1 de marzo de 2020, sendo as 09h19min, xúntase, de xeito TELEMÁTICO, a comisión de valoración do procedemento de selección de persoal por mobilidade funcional, nomeada mediante Decreto nº 102/2021 de 15/02/2021, ratificada por Decreto 106/2021 de 17/02/2021, cos asistentes seguintes:

Presidente: Don José Antonio Meizoso Paz, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 2: Don Enrique Calvete Pérez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 3: Don Rafael Díaz Aguado Jalón, Técnico de Administración Xeral.

Secretaria (con voz e sen voto): Eva Guerrero Rico, administrativa de administración xeral.

O Sr. Presidente, da conta da documentación presentada pola única aspirante admitida: Montserrat Soto Soto, e conforme ao establecido no punto 6 das Bases reguladoras do procedemento, aprobadas por Resolución de Alcaldía 670/2020 de 24 de novembro (BOP nº 1 de 04.01.2021): "Baremo de méritos....", procede á súa valoración, co resultado seguinte:

- a) Valoración do grao persoal consolidado no Corpo ou Escala desde o que se concursa: 2 puntos.
- b) Valoración do traballo desenvolvido:
 - b.1.- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 2,67 puntos.
 - b.2.- Se o posto desempeñado pertence á mesma área funcional que aquela a a que se atopa adscrita a/as prazas solicitadas: 1 punto.
- c) Cursos de Formación e Perfeccionamento: 3,5 puntos.
- d) Antigüidade: 1,2 puntos.

En base ao anterior, a puntuación total obtida pola aspirante é de 10,37 puntos.

Levántase a sesión sendo as 09h41min.

Documento asinado dixitalmente pola Secretaria e o Presidente do Tribunal, á data da sinatura dixital.

